

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
do 27 de abril de 2017**

**ACTA Nº 7/2017**

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do vinte e sete de abril do ano dous mil dezasete, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

**PERSOAS ASISTENTES**

Alcaldesa: D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D<sup>a</sup> María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño

D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D<sup>a</sup> María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández, que dá fe do acto.

**ORDE DO DÍA**

A Parte dispositiva

1 APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (30.03.2017)

2 ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

3 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

4 CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

5 MOCIÓN DO BNG PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE NOITEBÚS

6 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

B Parte de control dos órganos de goberno

7 MOCIÓN DE URXENCIA

8 ROGOS E PREGUNTAS

**A Parte dispositiva**

## **1 APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (30.03.2017)**

A Sra. González anuncia a abstención dos membros do seu grupo.

Votación:

A favor: 9 votos (3 CxG, 4 PP e 2 BNG)

Abstencións: 4 do PSdeG-PSOE

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinario do Pleno da corporación do 30 de marzo de 2017.

## **2 ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP**

A Sra. alcaldesa explica que tal e como se comentou na comisión informativa que traen a proposta de que o Concello se adhira á Central de Contratación da FEMP porque consideran que facilitaría e faría máis interesante e en mellores condicións a contratación de diversos servizos.

A Sra. Monteagudo di que presentan unha proposta da Xunta de Goberno Local para adherirnos á plataforma da Central de Contratación da FEMP, que existe desde o ano 2014, e polo que puideron ver ten en vigor tres acordos marco referentes a mediación de riscos e seguros, subministración de gas natural e subministración de enerxía eléctrica.

Que entenden que esta adhesión non implica en ningún caso a obriga do Concello de efectuar as contratacións a través da central e que se pode optar por este sistema para todos os servizos e subministracións, para un só ou para varios deles.

Que o único que poden dicir é que parece mentira que tardaran dous anos en darse conta da súa existencia se o único requisito que lle pedía Intervención para o levantamento dos reparos, que desde hai bastantes meses se lle estaban poñendo ás facturas de Gas Natural, era estar adheridos a esta central. Que non se entende moi ben que esperaran ata o momento para facer este trámite que é puramente de procedemento.

A Sra. González di que non teñen ningún inconveniente que as contratacións se fagan a través da FEMP. Que o problema é que o que levaron á comisión informativa previa era a adhesión á Central de Contratación da FEMP e que logo o informe de Intervención falaba da contratación da luz.

Que lles quedou claro que a proposta do goberno é simplemente a adhesión á Central de Contratación da FEMP e que se simplemente é iso, que están de acordo.

O Sr. García di que están de acordo coa adhesión para resolver sobre todo a contratación da luz, que hai que resolver canto antes.

A Sra. alcaldesa explica que, efectivamente, a adhesión á Central de Contratación de FEMP non implica que o Concello se teña que acoller obrigatoriamente a esa central para contratar, pero que si o permite.

Que o que precipitou a adhesión á central foi precisamente a contratación do servizo de subministración eléctrica, que a idea do goberno é que isto sexa un paso previo para a contratación desa subministración.

Aclara que este punto concreto é a adhesión, tal e como queda recollido na proposta e se comentou e aclarou na comisión informativa.

Votación: unanimidade.

### ***“ACORDO CORPORATIVO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP***

#### **ANTECEDENTES**

*PRIMEIRO: A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de*

*Contratación ao amparo do previsto na disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, así como nos artigos 203 e seguintes do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*SEGUNDO: O Concello de Muros está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.*

*En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 205 do referido texto refundido e sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación de a FEMP, o Pleno da corporación municipal.*

**ACORDA:**

*PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte esta central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a central e as empresas adxudicatarias.*

*SEGUNDO.- Remitir este acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.*

*TERCEIRO.- Facultar á Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres, para que en nome e representación desta corporación proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo, e por isto a adhesión aos distintos acordos marco de contratación que a Central de Contratación da FEMP saque a licitación e sexan de interese para este Concello.”*

### **3 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO**

A Sra. alcaldesa di que volven a levar ao Pleno por terceira vez consecutiva o recoñecemento extraxudicial de crédito con facturas pendentes de anos anteriores. Que como xa teñen comentado son case todas do ano 2016, salvo tres, unha de 2012, outra de 2013 e outra de 2014.

A Sra. Monteagudo di que efectivamente volven a levar por terceira vez o mesmo recoñecemento. Que neste caso o importe é algo menor, algo máis de 166.000 e que por terceira vez lles din que teñen que facer o seu traballo.

Que lle están pedindo á oposición que faga o traballo que non fai nin a Sra. alcaldesa nin o seu equipo de goberno. Que contratan subministracións sen ter partida porque o orzamento do 2015, que é o vixente, xa non vale e que en vez de facer os orzamentos que tira para diante botándolles en cara á oposición que non paga aos provedores porque non lle aproban estes expedientes.

Que a Sra. alcaldesa di que está preocupada polos provedores locais que non cobran e por que o Concello incorra nun enriquecemento inxusto. Pero que se realmente estivera preocupada polos provedores locais, que levaría nun expediente aparte as facturas destes como fan habitualmente, que separan as facturas de subministración eléctrica das demais, pero que en cambio levan unha mistura de facturas de provedores locais e outros como os da electricidade.

Que neste recoñecemento van un total de 348 facturas por importe de 166.913,24 €.

Que das 348 facturas corresponden a provedores locais 13, por un importe de 2.550,92 €, o 1,5% do total.

Que o 90% das facturas corresponden a Gas Natural Fenosa e as demais a outras entidades.

Que se a Sra. alcaldesa estivera preocupada polo enriquecemento inxusto no que pode incorrer o Concello, que comprobaría antes de contratar un servizo ou unha subministración que conta con partida orzamentaria para facerlle fronte.

Explica que na teoría do enriquecemento inxusto no ámbito do contrato administrativo hai un elemento moi importante que a Sra. alcaldesa parece obviar, que é a existencia dunha orde da persoa ou órgano con capacidade para vincular á administración titular da obra ou prestación. Que quere dicir que para contratar esa subministración ou servizo tivo que existir unha orde por parte de quen pode contratar en nome do Concello: A Sra. alcaldesa, os concelleiros con competencia ou a Xunta de Goberno Local.

Dille á Sra. alcaldesa que é claro que a responsabilidade é unicamente súa e do seu goberno.

Que o que pretende con esa presentación reiterada é trasladar esa responsabilidade ao Pleno da corporación. E que iso constituía unha mostra máis da incapacidade para gobernar da que veñen facendo gala desde que o partido socialista e a Sra. González lle regalou a Alcaldía e o goberno deste Concello.

Continúa a súa intervención dicindo que na Administración Pública a contratación segue un procedemento formal para garantir que se respecten os principios de igualdade, transparencia, concorrencia e publicidade.

Que o que fai a Sra. alcaldesa aludindo ao enriquecemento inxusto é poñer de relevo que fan contratacións sen respectar estes principios.

Que xa llo dixeron varias veces e o reiteran: que supeditan a aprobación deste recoñecemento a que fagan o orzamento e inicien o procedemento de contratación da subministración de enerxía eléctrica que lle esixe Intervención.

Que non lles deixaron outra alternativa.

Que non entenden, nin eles nin ninguén, que faga máis dun ano que lles digan que están traballando no orzamento e non vexan ningún resultado dese traballo.

Que a Sra. alcaldesa sabe que precisa dos demais grupos para aprobar un orzamento pero, polo menos con eles, non tiveron ningún contacto. Que non se lles deu conta de ningún avance nin de ningún borrador, polo que non resultan cribles as súa afirmacións.

A Sra. González di que xa na comisión informativa anunciaron o seu voto en contra, por coherencia porque é a terceira vez que levan exactamente a mesma proposta. Que sacou algunhas facturas e non saber o porqué nin como as pagou.

Que a Sra. alcaldesa anda dicindo que non se lle paga aos provedores por culpa da oposición e que precisamente nese recoñecemento non hai provedores de Muros. Que son moi poucos os provedores de Muros e que son basicamente facturas de enerxía eléctrica.

Que lles vai dicir que hai facturas que son de cando gobernaba o partido socialista e que é posible pero que cando eles gobernaban deixaron un orzamento aprobado para pagar as facturas vixentes e pendentas de pagar, pero que a Sra. alcaldesa non as pagou e agora por activa e por pasiva e dando pena, que toda a vida funcionou da mesma maneira, que vai ao Pleno botarlle a culpa á oposición.

Que está claro que orzamento municipal é limitado e hai que asumir esas limitacións, saber gobernar e marcar as prioridades e que está claro que a súa prioridade non foi pagar a luz.

Que a prioridade da Sra. alcaldesa foi pagarlle aos seus amigos de tele Lalín e a Eventos Insuela por propaganda que non saíu en ningún lado xa que non emite. Que tamén fixo unha colaboración con *Northmarinas* porque, parece ser, que van dar un paseo por Muros e que iso vale 3.500 € e que ademais lle imos dar de comer a un número indefinido de xente e facerlle un *katering*, aínda que a luz estea sen pagar, que iso non importa. E que imos pagar os autobuses que sexan necesarios para pasealos porque son amizades.

Dille á Sra. alcaldesa que a culpa é súa porque non sabe priorizar. Que non levou ningunha sorpresa coa luz. Que si levou sorpresa coa subida ao igual que toda a veciñanza pero que debería de prever esa subida xa que anunciaron por activa e por pasiva. Pero que non se trata da subida se non da totalidade da luz.

Que como estamos boiantes e non temos débedas e podemos facer o que nos dea a gana, que non só non pagamos a luz, senón que a ese provedor o poñemos un pouco máis nervioso colocando na fachada do Concello uns focos de miles de vatios e que como non imos a pagar que poñemos o Concello de cores.

Que non é culpa da oposición, que seguramente o partido socialista temos culpa de poñer no goberno a CxG, pero que teñen a mesma culpa ou menos que cando o Partido Popular puxo ao BNG. Que o partido socialista tiña seis concelleiros e o partido popular creu conveniente que se cambiara ese goberno e se puxera ao BNG.

Que a Sra. Alfonso cando marcharon do goberno do BNG, deixaron un millón de euros sen pagar a provedores de Muros e que tiveron que acudir ao ICO para pagarlles e que con iso deixan claro que o partido socialista, con eses temas son moi respectuosos.

Que deberlle a un pequeno comerciante cincuenta mil euros é dicirlle pecha a porta que che arruinamos.

Que iso foi o que fixo a Sra. Alfonso no goberno do que formaba parte, que formou parte de moitos partidos, pero daquela estaba no BNG.

Que despois de chorar en tres ou catro ocasións cre que lle van votar a favor e que o farán cando teña feito un orzamento.

Que o que di a Sra. alcaldesa de que ten medo que o Concello caia en enriquecemento inxusto que non sería a primeira vez, e recórdalle que hai un montón de procedementos xudiciais onde lle están reclamando impagos e que non os pagou porque non quixo.

Que hai outros que aínda non chegaron ao xulgado e que teñen a esperanza de que lle paguen e non lle vai pagar. Que o Concello acusado de enriquecemento inxusto, xa estivo en moitas ocasións.

Que hai moitas cousas que se están pagando con intereses e costas porque se non pagaron cando tiñan que facelo. Que é o mesmo que fixo cando estaba no goberno do BNG que contratou unha RPT e marcharon sen pagala e que a pagou o grupo socialista.

Que dividen o orzamento e que lle dan aos seus amigos de Lalín para que sosteñan a súa TV e que veñan a comer non sabe quen e que veñan os cazadores. Que o dos cazadores llo levou cun orzamento moi reducido pero que despois empezaron a ver que durmiron, non sabe onde, que comeron...E que todo iso o pagamos e agora di que a luz non quere pagala a oposición.

Dille a Sra. alcaldesa que está desgobernado, gobernando mal e que as facturas do goberno socialista que están sen pagar porque a Sra. alcaldesa non as pagou xa que eles deixaron cartos e orzamento para pagalas.

Que a situación económica na que se encontra o Concello non é para facer graza e que só lle fai graza á Sra. alcaldesa.

Que ademais despois de chegar ao Concello e ver que o orzamento era reducido non se cortou en poñerse un soldo polas nubes.

Que non se lles ocorre facer como fixo o partido socialista cando solicitaron o ICO, que fixeron unha redución do 10% do soldo dos/as políticos/as e de parte do funcionariado.

Que é tan fácil como que Unión Fenosa reclame as facturas no xulgado. Que chegamos a que se hai un accidente no Concello, ten que ir ao xulgado porque o Concello non paga. Que será porque ten que xustificar os honorarios do seu amigo D. Henrique con H.

Que hai unha rapaza que caeu, non sabe en que sitio e que tiveron que ir ao xulgado reclamar. E que resulta que despois a compañía de seguros pagou voluntariamente.

O Sra. García di que quere comentar, respecto do mitin mensual, que se o PP chegou a pactar co BNG, como sería a alternativa.

Con respecto ao punto en cuestión que vai ter que darlle a razón á Sra. González, que todos e todas teñen que aprender e que hoxe teñen que aprender cal é a razón de que haxa que levar por terceira vez algo que foi rexeitado nas dúas veces anteriores.

Que o seu grupo vai manter o voto a favor igual que nas veces anteriores pero que entenden que non ten moito sentido levar algo sen acordar, sen falar con ninguén, sen dar ningún paso máis alá, porque é evidente que non se vai aprobar esta vez tampouco.

Non hai intervencións de ningún grupo na segunda rolda.

A Sra. alcaldesa explica que o PP o pasado mes condicionaba a aprobación do recoñecemento extraxudicial á contratación da subministración eléctrica e aos orzamentos.

Que acaban de aprobar un punto que é a adhesión á Central de Contratación de Femp e que ese é o paso previo para a contratación do subministración eléctrica e que polo tanto é unha evidencia de que se está traballando nesa contratación.

Que non queren derivar a responsabilidade, que a elevan a onde a hai simplemente, a toda a corporación.

Que o goberno e CxG entenden que teñen que pagar esas facturas porque son servizos e prestacións feitos e que teñen que cobrar sexan quen sexan.

Que, como xa ten comentado, hai gastos que non se poden prever e partidas que se rematan e que o orzamento é unha estimación de ingresos e gastos.

Que no anterior orzamento a partida de subministración eléctrica non chegou porque hai máis consumo debido a que se puxeron a funcionar pozos de bombeo, por exemplo, ou porque se incrementou o prezo da luz.

Que hai moitos motivos que poden facer, ao longo do ano, que unha partida non sexa suficiente.

Que entenden que son facturas que hai que pagar e que hai tres que son do anterior goberno pero que tamén hai que pagar.

Que non é certo o que di a voceira socialista de que deixaron o orzamento co que se poderían ter pagado esas facturas e que a voceira o sabe, pois foi alcaldesa sete anos. Que sabe que non se poden pagar facturas de anos anteriores, nin sequera aprobando un orzamento.

Que por iso volven levar esas facturas ao Pleno. Porque só hai dúas maneiras de que os provedores as cobren: que se aproben no Pleno ou que vaian ao xulgado.

Con respecto ás demandas que teñen no xulgado por facturas que non quixeron pagar, a Sra. alcaldesa explica que as que hai son de asesores do goberno socialista. E que non é que non as quixeran pagar, senón que lle pediron o contrato que sustentara esas facturas porque estaban a nome dunha empresa.

Que a voceira socialista que di que mira tanto polo ben público se permitía o luxo de gastar cento cincuenta mil euros en dous asesores.

Que foi cando lle pediron o contrato cando acudiu o seu asesor ao xulgado. Asesor, do que a voceira socialista era a súa procuradora ata que declararon no Pleno a incompatibilidade.

Que por certo cobrou a metade ou menos do que pedía porque os xulgados consideraron que se excedía nas súa facturas.

Insiste en que non é certo que cun novo orzamento se poidan pagar esas facturas. Que a voceira socialista o sabe e minte intencionadamente.

Que as volven a levar porque tiñan a esperanza de que vendo que están avanzando para a contratación da luz, alguén recapacitara.

Que o único que poden facer é insistir e que se hai que pagar gastos de intereses de mora e costas porque as empresas teñen que recorrer a un tribunal para poder cobrar, que estudarán a posibilidade de derivar responsabilidades en quen vote en contra da aprobación do recoñecemento porque é a terceira vez que o levan.

Dá paso á votación:

A favor: 5 (3 de CxG e 2 do BNG)

En contra: 8 (4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE)

Acordo:

Queda rexeitado o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2017.

#### **4 CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

A Sra. alcaldesa le a proposta:

##### *“PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN*

*A violencia contra as mulleres non é un problema que afecte só ó ámbito privado, senón que pola contra maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade.*

*É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciáveis que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.*

*Considerando que os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.*

*A coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.*

*Como consecuencia do exposto con anterioridade*

##### *PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO*

*Primeiro: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, que quedaría como segue*

*Presidencia:*

*- O/A alcalde/alcadesa do Concello de Muros ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, que a presidirá*

*Vogalías:*

*- Concelleiros/concelleiras con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero*

*- Persoal do centro de información ás mulleres-CIM*

*- Persoal dos servizos sociais municipais*

*- Representante da policía local*

*- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica)*

*- Representante dos centros educativos*

*- Representante dos servizos sanitarios*

*- Representante doutras institución: Dirección Xeral de Igualdade*

*Secretaría:*

*- Persoa técnica da concellaría competente na materia*

*Segundo: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.*

*Terceiro: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero Concello de Muros poderá facerlle propostas ao Goberno Local, sempre e cando estas non supoñan ningún problema para a existencia e funcionamento da Mesa.”*

A Sra. Monteagudo, na súa intervención, di que a Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recoñecen o ámbito municipal como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, medidas de prevención e erradicación da violencia de xénero e establecen que a Administración Autonómica colaborará coas entidades locais para estes efectos.

Que esta mesa constitúe, desde o seu punto de vista, un instrumento operativo onde están representados todos os ámbitos municipais implicados na loita contra a violencia de xénero, tratando de dar unha mellor, maior e máis eficiente resposta ante a gravísima vulneración de dereitos que se dá nestes casos.

Que dado que na proposta que Alcaldía achegou na comisión viñan sen concretar as representacións doutras institucións, propuxeron que se convidara á secretaría xeral de igualdade que depende da Vicepresidencia e Consellería de Administracións Públicas e Xustiza (que non é Dirección Xeral de Igualdade como pon erroneamente na proposta, que é Secretaría Xeral), de tal forma que esta poida coñecer de primeira man o que acontece neste concello.

Que tamén piden que a mesa poida facer propostas ao goberno municipal, que tamén ven recollido cunha *coletilla* que non entenden moi ben pois non tería sentido facer propostas que vaian en contra da existencia ou funcionamento da propia mesa, pero que están conformes coa proposta e que recolle as súas incorporacións.

A Sra. González di que xa na comisión informativa dixeron que estaban de acordo, que lles parece moi ben pero que senten moito que esta mesa naza manca porque está nun concello onde non existe orzamento.

Que moita intención e moita intervención humana pero que se fai falta calquera tipo de intervención ou ampliación vai ser nula porque non hai presuposto para poder dotala de orzamento.

Que supoñen que desde o grupo de goberno se solicitará á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña, se é o caso, que abastezan dalgún tipo de partida esta mesa porque do contrario cren que a mesa vai quedar como outro tipo de cousas que crea este grupo de goberno, que non funciona.

O Sr. García di que, como organización feminista, que están moi a favor da mesa que se vai constituír e que lles gustaría que realmente funcione. Que non pase como cando aprobaron o Plan de dinamización do casco histórico ou moitas outras iniciativas aprobadas e que non se están levando a cabo.

Que consideran que é un tema fundamental para a nosa sociedade. Que xa non só da violencia de xénero senón todo que ten que ver coa igualdade real das mulleres no día a día e que por iso piden que se traballe desde o minuto un para que non se atrase coma todo o demais e que empece a funcionar desde xa.

Que xa teñen manifestado moitas veces, en distintos plenos, que entenden que non se estaba facendo moito traballo a prol da igualdade entre homes e mulleres no concello e que esperan que desta volta mude.

Que xa manifestou a Sra. Simal no Pleno anterior: "*a revolución será feminista ou non será*".

Na segunda rolda de intervencións, a Sra. Monteagudo di que esperan, ao igual que o voceiro do BNG, que sexa efectiva, valla para algo, que se leve a cabo e non quede no papel.

A Sra. González di que lles gustou escoitar a intervención do representante do BNG defendendo a constitución e dicindo que está en contra da violencia. Que é un paso moi importante para o voceiro.

Que dende logo queren que funcione esa Mesa e insiste en que supoñen que haberá que buscar algunha fórmula para dotala dalgunha partida económica e que o grupo de goberno non está facendo nada para aprobar o orzamento.



Que funcione e que non pase como co Plan de dinamización do casco histórico que para o único que vale é para que aparquen dous coches, que por certo é esperpéntico velos aparcados enriba da pedra e ao lado da fonte.

A Sra. alcaldesa di que levan a proposta de creación da mesa coa intención de que funcione.

Sobre a partida económica necesaria para a súa constitución, que nunca está demais pero que dadas a principais funcións dela nin sequera é necesaria polo menos unha gran partida, tendo en conta as que hai xa de Servizos Sociais dedicadas á muller.

Votación: Unanimidade.

Acordo:

O Pleno da corporación acorda:

Primeiro: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, que quedaría como segue

Presidencia:

- O/A alcalde/alcadesa do Concello de Muros ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, que a presidirá

Vogalías:

- Concelleiros/concelleiras con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero

- Persoal do centro de información ás mulleres-CIM

- Persoal dos servizos sociais municipais

- Representante da policía local

- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica)

- Representante dos centros educativos

- Representante dos servizos sanitarios

- Representante doutras institución: Secretaría Xeral de Igualdade

Secretaría:

- Persoa técnica da concellaría competente na materia

Segundo: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

Terceiro: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero do Concello de Muros poderá facerlle propostas ao goberno local, sempre e cando estas non supoñan ningún problema para a existencia e funcionamento da mesa.

## **5 MOCIÓN DO BNG PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE NOITEBÚS**

O Sr. García le a moción:

*“O grupo municipal do BNG de Muros presenta para o seu debate e aprobación do Pleno da corporación a seguinte*

**MOCIÓN:**

*Cando o BNG tivo a responsabilidade de exercer o goberno municipal no Concello de Muros puxemos en funcionamento un servizo nocturno de transporte de viaxeiros co obxectivo de facilitar a mobilidade da poboación entre as distintas parroquias do concello. Foi o servizo coñecido como NOITEBÚS.*

*A posta en marcha do NOITEBÚS supuxo unha importante ferramenta para impulsar o desenvolvemento do sector hostaleiro do noso concello, así como unha garantía de seguridade na mobilidade nocturna, principalmente na xuventude.*

*A chegada doutros gobernos insensibles con este tema supuxo tristemente a desaparición deste servizo público, que dende a óptica do BNG seguimos considerando fundamental no dobre sentido antes citado de mellora da seguridade e da mobilidade no transporte urbano.*

*Ao abeiro do establecido no artigo 25.2 g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local o transporte público urbano constitúe unha competencia propia das corporacións locais. E desde o grupo municipal do BNG, propoñemos ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- A posta en funcionamento dun servizo nocturno de transporte urbano de viaxeiros ao longo do Concello de Muros, como mínimo, entre o 15 de xuño e o 15 de setembro.*

*2º.- Elaborar as modificacións regulamentarias e orzamentarias que correspondan para poder financiar o servizo nocturno de transporte urbano de viaxeiros do Concello de Muros."*

O voceiro do BNG aclara que piden esas datas en concreto porque entenden que é cando aumenta a vida nocturna, hai festas nas distintas parroquias, hai moito movemento de vehículos pola noite e consideran moi importantes garantir a seguridade de toda a xuventude que neses días festivos se despraza.

Que non só é unha cuestión de comodidade senón de seguridade.

Que o segundo punto o engadiron para que, de aprobarse, se poñan en marcha todas as cousas das que falon na comisión informativa respecto de como se ía dar o servizo, en que condicións e demais.

A Sra. Monteagudo di que o BNG pide a reposición dun servizo que considera fundamental sen facer ningunha valoración sobre o número de persoas usuarias, os seus percorridos, horario, custo, financiamento, sistema de contratación, etc.

Continúa dicindo que o certo é que existe unha carencia no concello no que a transporte urbano se refire.

Que non hai transporte para ir ao centro de saúde nin dende o casco nin dende as parroquias, que a eles lles parece bastante máis fundamental que o nocturno. E que tampouco o hai para ir ao mercado ou ás praias.

Que a proposta de poñer en funcionamento unha liña de transporte financiada polo Concello exclusivamente para o ocio nocturno, que non lle parece axeitada.

Que si cren que o NOITEBÚS pode evitar situacións de risco entre a xuventude pero que cren, como manifestaron tamén na comisión, que as persoas usuarias deben financiar polo menos parte do custo a través do pago en billete.

Que tamén se poderían estudar outras vías que garantan a seguridade. Que no concello hai unha extensa flota de taxis cos que se podería establecer algún tipo de convenio ou acordo para facilitar a mobilidade da mocidade nas saídas nocturnas como xa se está facendo noutros sitios.

Que entenden que a proposta require un estudo máis profundo e análise doutras posibles fórmulas.

Que son conscientes de que o transporte público por estrada require de medidas modernizadoras que o adapten ás necesidades actuais e á realidade social e xeográfica da nosa comunidade e que son coñecedores de que niso se está a traballar desde a Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Que é un problema certamente complexo pero que non se pode permitir que moita xente non teña transporte para os seus desprazamentos e tampouco que moitos dos buses que actualmente circulan polas estradas de Galicia en liñas de transporte regular deseñadas, nalgúns casos, hai máis de cincuenta anos, vaian baleiros.

Que na comisión na que se tratou esta moción, pedíronlle ao BNG que valorara a posibilidade de incluír que parte do custo fora sufragado polas persoas usuarias pero que non deixou claro que estivera disposto a incluír iso na proposta, polo que entenden que sería inútil presentar unha emenda á esa moción, pero que tal e como está non a consideran viable.

A Sra. González di que na comisión informativa lle propuxeron ao BNG deixar esta proposta enriba da mesa porque é moi xenérica sen concretar absolutamente nada, sen orzamento.

Que na proposta pon “*a chegada doutros gobernos insensibles...*” e que non saben a quen se refire aínda que supoñen que se refire ao Partido Popular porque cando se creou o NOITEBÚS había unha partida de corenta mil euros da Xunta de Galicia cando gobernaba o PSOE e o BNG e que esa partida retirouse e agora non existe.

Que cando gobernaba o Partido Socialista aguantaron o NOITEBÚS todo o que puideron porque o custo era moi grande, dependendo dos medios do Concello, pero que o representante do BNG dispara pero non sabe onde.

Que leva a moción dunha forma tan xenérica que non se pode votar a favor porque non saben o que está pedindo en realidade.

Que o representante do BNG quer poñer en funcionamento un servizo de transporte nocturno que sirva para mover a xente que sae de noite, dun extremo (supoñen porque tampouco o di) ao outro do concello, o que lles parece ben porque lles parece unha garantía para a xuventude.

Que por certo desde que empezou a funcionar o NOITEBÚS, a xuventude do Concello de Muros concienciouse de que non se podía andar cos coches e que de feito baixou moitísimo a os sinistros de noite, que foi moi positivo pero que a moción do BNG é *un globo ao aire*.

Dille ao voceiro do BNG que el sabe que os seus compañeiros e compañeiras de CxG non teñen orzamento nin pensan facelo porque a Sra. alcaldesa repite que non fai falla.

Que se mirara un pouquiño vería que a partida da Xunta era de 40.000 € e cren que o Concello de Muros, que non é capaz de pagar a luz, non están en condicións de poñer un NOITEBÚS.

Que non saben, porque ao mellor saca doutro lado e pon un NOITEBÚS e que tamén apuntaba a Sra. alcaldesa na comisión informativa que os problemas de transporte no concello son bastante máis grandes que os do NOITEBÚS.

Que non quere sacarlle importancia nin relevancia a existencia do NOITEBÚS, que lle parece fundamental e unha garantía para a saúde da xente que sae de noite, sobre todo da xuventude. Pero que efectivamente hai moitas máis carencias no concello con respecto ao transporte público.

Que se o voceiro do BNG concretara un pouquiño máis que sería cuestión de maduralo, de pensalo e de ser capaces entre todos e todas de formalo.

Volve repetir que sería conveniente que quedara riba da mesa e que se xuntaran os voceiros e voceiras dos grupos políticos e fixeran unha proposta en firme e viran a posibilidade de financiamento, parte o Concello e parte as persoas usuarias, pedir orzamentos, facelo de forma moito máis responsable.

Que non lle parece ben que se desbote a moción pois parécelle importante que exista o NOITEBÚS e que desde o partido socialista insisten en que se refaga esta moción para que valla para algo.

Pide de novo que quede enriba da mesa, que se xunten os grupos políticos e que fagan unha proposta conxunta de como sería, como se financiaría, ver a posibilidade de que sexa real e volver a levalo ao Pleno.

O voceiro do BNG, en relación a que a moción pareza valeira de contido, di que xustamente o punto dous o que pretende é que de aprobarse, se elaboren uns regulamentos e se fagan as modificacións orzamentarias necesarias para que se poña en funcionamento.

Que non entran en como hai que elaborar ese regulamento. Que lles vale ben a proposta de debatelo e facelo entre todos e todas pero que todo iso está engadido no punto dous. Que como dixeron na comisión informativa, entenden que o que piden os grupos xa está incluído.

Que respecto do transporte público interparroquial que é un punto que eles levaban, ademais destacado, no seu programa electoral e que están totalmente de acordo.

Que xustamente presentan esta moción porque cren que o primeiro paso é poñer en marcha un servizo que xa existiu, xa se demostrou que funcionaba, que era viable e que lles parece un bo punto de partida para empezar a mellorar o servizo de transporte público todo.

Que evidentemente lles encantaría que existira unha liña interparroquial que funcionara case todo día e que conectase a todas as parroquias co centro médico, coa Casa do Concello e permitise a xente vir comprar ao mercado os días de feira e que puidese axudar a que houberse máis relación social entre as parroquias.

Que é evidente que están e apostan por iso. Que a moción é unha primeira medida a ter en conta, medida que xa funcionou.

Respecto do que dicía a voceira do PSOE sobre os gobernos insensibles que evidentemente se refiren a dous: ao goberno da Xunta que en novembro de 2010 suprimiu a subvención para o NOITEBÚS que se aprobara no “bipartito” desde unha das áreas goberno do BNG. E que logo en febreiro de 2011, tres meses despois de que se suspendera a subvención, o goberno do BNG en Muros apostou por mantelo. Nos días de Entroido por exemplo, máis de 200 rapaces e rapazas do noso concello, entre o sábado e o luns, utilizaron o servizo.

Que foron 200 persoas que tiveron á súa disposición un servizo de transporte público.

Que evidentemente era cofinanciado, que os usuarios e usuarias pagaban parte do seu billete e que entenden que ten que ser así.

Que entenden que iso, no punto dous que piden que se elaboren as modificacións regulamentarias e orzamentarias que correspondan, é onde ten cabida, onde se ten que falar e onde se ten que debater.

Que se queren redactar o punto dous doutra forma que lles vale pero que consideran que o que piden tanto un grupo coma outro, está engadido aí.

A Sra. alcaldesa di que xa comentaban na comisión informativa, que en materia de transporte público entenden que hai moitas deficiencias no noso concello e que hai casos tan graves como que hai parroquias que non están conectas co resto, como por exemplo Torea que non ten un transporte regular público de viaxeiros que veña a Muros ou vaia a Esteiro.

Ou que hai situacións tan graves, desde o seu punto de vista, como que ningún autobús da zona de Santiago chegue a Muros antes das dez e pico da mañá, co cal se un alumno ou alumna de bacharelato non pode vir no transporte escolar da ESO e quere vir en transporte público, non pode ir en horas de clase ou se alguén ten unha consulta médica ás nove da mañá, non pode vir en transporte público regular ou se alguén ten que vir a algunha historia antes das dez de mañá.

Que entenden que hai necesidades moi graves de transporte. Que son necesidades que xa se remitiron a través dun cuestionario que enviou a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta porque está elaborando un plan de mobilidade novo.

Que non saben nada do resultado dese cuestionario e que entenden que están traballando nel e que cre que é importante saber si se van resolver estas necesidades a través dese plan de mobilidade.

Que en calquera caso, o tema do NOITEBÚS lle parece importante e que efectivamente xa se comprobou que deu bo resultado e que era un servizo demandado pero que hai que ver a viabilidade no tema do financiamento porque non é fácil. Que hai empresas que se dedicaban a ese servizo que non quedaron moi contentas porque lles causaba bastante problema ese transporte e que habería que ver se habería empresas que estiveran dispostas a prestar o servizo, canto saíría e como se financiaría.

Que hai que estudalo con calma e que entenden que neste caso, de ocio, como apunta o Partido Popular, o razoable sería que os usuarios e usuarias aportaran parte do financiamento. Que habería que ver canta contía e o que tería que achegar o Concello.

Que a proposta lles parece ben pero que habería que ver a viabilidade de implantar o servizo e sen perder de vista outras necesidades que entenden que son tanto ou máis graves porque non atañen só a un colectivo de ocio, senón a toda unha poboación en xeral.

Na segunda intervención a Sra. Monteagudo di que non ven tan claro, como di o portavoz do BNG, que a súa moción inclúa o que eles piden porque do que falan e de elaborar modificación regulamentarias e orzamentarias para poder financiar o servizo.

Insiste en que hai outras fórmulas que tamén se poden utilizar. Que efectivamente hai un problema de transporte e que efectivamente hai outras modalidades.

Que non cre que o plan de mobilidade da Xunta vaia a permitir este tipo de transporte este verán, que ten bastante claro que non vai ser posible, pero que insiste en que, como ben di a Sra. alcaldesa, dados os problemas que houbo co transporte nos buses, que sería bo estudar a posibilidade doutras fórmulas, ben a través de convenios cos taxis, pois son menos persoas as que van dentro e as cousas non se *desmadran* tanto como viña pasando nos autobuses porque houbo bastantes problemas nese sentido.

Que pensan que hai que estudar outras fórmulas e outras propostas e que insisten en que non lles parece que estea recollido e que tal e como está a moción, que entenden que non é axeitada para o voto a favor desa proposta.

Que tampouco se van opoñer xa que lles parecería razoable que, se se pode, se é viable, se favoreza a seguridade neste senso, pero que tampouco a van aprobar tal e como está, inconcreta e sen ter máis datos, que lles parece que non é viable.

A Sra. González di que eles tamén consideran que é unha mágoa que se aprobe así de forma tan xenérica.

Que o voceiro do BNG di que o pon no punto dous pero que nese punto non pon nada. Que pon: *“Elaborar as modificación regulamentarias e orzamentarias que correspondan para poder financiar o servizo nocturno de transporte urbano de viaxeiros do Concello de Muros.”*

Que non pon nin canto vai ser o prezo do billete, nin cantos autobuses fan falta. Que ela non o ve e que ao mellor o voceiro do BNG o ten na súa cabeza e pensou que o trasladara ao papel pero que non está.

Que é unha mágoa que esta moción non se faga de forma “responsable” porque está condenada a perderse como todas as outras que se presentaron.

Que non hai orzamento, nin esperan que o haxa e que está dunha forma demasiado xenérica e que non vai ir a ningún lado. Que se vai aprobar e vai quedar *no jardín do olvido*, non vai valer para nada e que é unha mágoa porque efectivamente que se debería poñer a funcionar o NOITEBÚS.

Que dicía a Sra. alcaldesa que hai que falar con distintos transportes e que quer apuntar que iso non é posible porque a liña de Muros, todo o territorio do Concello de Muros, teno en exclusiva unha determinada compañía de autobuses polo que non hai posibilidade de facer ningún servizo que non sexa con esa compañía.

Que, non obstante, podería facerse con taxis, por exemplo, pero con outra liña de autobuses non, co cal cre que iso limita e prexudica como todas as exclusividades. Que no partido socialista son partidarios da libre competencia como debería ser neste caso e que sería bo que houbera ofertas distintas de prezos para poder coller a mellor e a que se puidera levar a cabo no concello e que non vai ser así porque hai unha exclusividade na liña. Que cre que a Sra. alcaldesa non o sabe.

Que é unha mágoa que esta moción caia nun caldeiro porque sería importante sacala adiante e que saben que sen orzamento e sen estudala polo miúdo e poñer unhas condicións que foran posibles, que non vai ir a ningún lado.

O Sr. García di que están un pouco sorprendidos, que levan dous anos na corporación e que parece que cada vez entenden menos de política.

Que esperan que os grupos da oposición sexan coherentes e cada vez que presenten unha moción veña co seu respectivo estudo económico, memoria de todos os movementos porque ata o de agora ningunha moción foi así.

Que tampouco entenden moi ben que a portavoz do Partido Socialista faga un *alegato* do neoliberalismo, pedindo a libre competencia. Que é por iso que cada día entenden menos ou que será que o que se dan son excusas para non aprobar as súas propostas.

A Sra. alcaldesa apunta que non sabe se é posible que outra empresa fixera este servizo ou non, pero di que da outra vez había unha concesión a esta liña e que non era só a que ten a liña actual de pasaxeiros.

Votación:

A favor: 5 (3 de CxG e 2 do BNG)

Abstencións: 8 (4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE)

Acordo:

Apróbase a moción presentada polo BNG da posta en funcionamento do servizo de NOITEBÚS no Concello de Muros.

## **6 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Dáse conta dos decretos da Alcaldía núm. 134 ao 2017 e das actas das Xuntas de Goberno Local núm. 7, 8, 9 e 10 do 3 de marzo, 8 de marzo, 16 de marzo e 31 de marzo de 2017.

## **B Parte de control dos órganos de goberno**

### **7 MOCIÓNS DE URXENCIA**

Non hai.

### **8 ROGOS E PREGUNTAS**

Rogos e preguntas do PP:

-En primeiro lugar queremos dar conta de que se retirou o contedor que estaba detrás do Mercado, polo que preguntamos no Pleno anterior. Tamén se iniciou a reposición das árbores do paseo, polas que tamén preguntamos.

-Presentamos un rogo: o pasado 19 de abril presentamos dúas mocións para a súa tramitación, unha pedindo que se limpen os contedores e os espazos nos que estes se sitúan, e outra pedindo a aplicación dunha exención no IVTM para determinados colectivos aos que a Deputación non lle aplica as exencións existentes. Estas mocións non foron incluídas nas comisións, por decisión súa, alegando que precisaban informes e xa estaban convocadas as comisións. Tamén precisaba informes a moción que presenta o BNG, e tramitouna. Non entendemos esa diferenza de trato, nin consideramos xustificable a súa decisión, sobre todo no que se refire á moción para limpar os contedores, xa que a comisión de urbanismo non estaba convocada, non supón custo para o Concello, o concelleiro de Obras xa dixo no seu día que a limpeza dos contedores era responsabilidade da empresa pero que el non ía vixiar que se cumprira, nós si que temos interese en que se cumpra e se limpen, e o único que teñen que facer é requirir a empresa e darlles uns mangueirazos aos sitios nos que están os contedores. A Sra. Alfonso prefire que o concello estea cheo de porcallada antes de recoñecer que temos razón, e que cunha xestión mínima se pode facer cousas que redunden en beneficio de todos e todas. Rogaríanoslle que polo menos o tema da limpeza dos contedores e os espazos nos que se sitúan o fagan, aínda que non tramiten a moción.

-No Pleno pasado preguntamos pola renuncia a concesión do local do bar San Francisco, que como predixemos, estivo pechado na Semana Santa. Na documentación achegada puidemos comprobar que a renuncia á prórroga desa concesión presentouse no Concello o día 21 de setembro de 2016, hai 7 meses. Vimos na prensa do pasado martes o anuncio do arrendamento do local por un período de 6 meses, o que chama bastante a atención, dado que as instalacións requiren unha posta a punto importante. Vai facer ou esta facendo o Concello alí obras de acondicionamento? Non sería máis razoable que o arrendamento fose por máis prazo cun compromiso de investimento e mellora das instalacións? Para sacalo por seis meses xa o puideron facer antes de Semana Santa, non se entende que tardaran 7 meses en sacar ese tipo de contrato.

-Na XGL do día 3/03/2017 apróbase un contrato de colaboración con *Northmarinas* para a promoción do Concello de Muros, polo que se lle vai abonar a cantidade de 3.500 € máis IVE. Está ben que se promocióne o concello, pero preguntámonos e preguntámoslle a vostede, que pasa coas entidades do noso concello, deportivas, culturais, etc., que deixan ben alto o nome de Muros por onde pasan? Non son merecentes dalgún recoñecemento por parte do goberno local? Fumáronse as axudas a entidades do exercicio pasado, pero non tiveron nin teñen reparo en pagarlle a entidades de fóra actuacións de promoción do concello.

-Na XGL de 31 de marzo podemos ver tamén que se adxudicaron as obras do PAS 2015, a mellora das infraestruturas hidráulicas en Boa Vista, Baño e Freixeiros, quince meses despois da súa aprobación. Para cando a obra do POS 2016, a de infraestruturas hidráulicas na Rocha que se aprobou tamén por unanimidade no Pleno extraordinario do 15 de decembro de 2015?

-Non nos contestou á pregunta do Pleno pasado sobre as clases de informática en Esteiro. Repetímoslla: manifestou vostede que o problema das clases de informática en Esteiro estaría amañado en breve. As clases aínda non se reanudaron. Vai facer algo a este respecto, ou xa desiste e o deixa para o curso que vén? Que pasa coa xente que abonou a matrícula para este curso?

-Hai algún problema coa empresa que se encarga da desratización? Hai moitas queixas pola presenza de ratas na praza do Mercado e nas rúas de arriba. Pedímoslle que reforcen este servizo ou analicen por qué non está funcionando correctamente.

-A presenza continua de grandes residuos nos puntos de recollida de lixo é un problema grave ao que dende o Concello non se lle está a dar solución, hai máis dun ano que o punto de recollida a carón da estrada do convento de Louro é unha montaña de restos de obras e outros elementos. Como unha primeira medida rogámoslle valoren a posibilidade de colocar nos contedores un adhesivo en tamaño visible onde se ofrezca información ás persoas dos horarios do Punto Limpo, teléfonos de aviso para outros residuos, recollida de residuos eléctricos, etc. Tampouco no propio Punto Limpo está o horario de apertura en lugar visible. Si que figura na *web* do Concello, pero esta non é accesible para moita xente. Non hai ningún sitio onde esa información se presente de forma xeral e sexa accesible facilmente. Cremos que dende o Concello debe ofrecerse a información antes de facer actuacións como imposición de multas, ou similares, a xente ten que ter a información precisa.

-Cal é a situación do edificio e da propiedade da escola unitaria de Serres?

-En que condicións está Espina e Delfín prestando o servizo de subministración de auga potable? Ten pensado facer algo?

-Teñen pensado aplicar algún tipo de bonificación na cota do lixo polos moitos días que queda sen recoller? Algún dos contedores soterrados que tanto dan que falar, está aberto, co conseguinte risco que supón. Pedímoslle que os pechen mentres non se poidan usar, así abertos resultan un perigo sobre todo para os nenos e nenas.

-Seguimos insistindo para que dea cumprimento ao acordo do Pleno sobre dinamización económica do casco e o mercado. Sabemos que está a facer cousas pola súa conta, sen respectar o acordo adoptado neste Pleno, e unha vez máis, e a requirimento dos propios implicados, pedímoslle que lle dea cumprimento.

-Preguntamos tamén polo muro da praia de Somorto. Van facer algo?

-Pedímoslle que requiran a empresa que esta facendo a obra de Freixeiros, para que extremen as medidas de seguridade, xa que se trata dunha zona de escolares.

Contestacións da Sra. alcaldesa:

-En relación ás mocións que presentaron o día 19 que xa lle comentou que non se incluíron neste Pleno porque xa estaban convocadas as comisións informativas.

Con respecto á moción do lixo, da limpeza dos contedores, que hai un *planning* mensual da empresa que recolle e pasa aproximadamente unha vez ao mes lavando os contedores.

Que farán un seguimento para ver se efectivamente os lava e que no caso da limpeza do sitio onde están que iso lle compete ao Concello e que lle darán instrucións.

Que aínda así se a voceira popular quere que leven a moción ao vindeiro Pleno que a leven sen problema ningún.

Que con respecto á limpeza dos contedores sinala que estaría ben que axudáramos toda a cidadanía botando o lixo en bolsas pechadas, non directamente desde os caldeiros e non botando froita nas caixas como fan algunhas froiterías porque aínda que se laven aos dous días está outra vez insoportable.

Que con iso non quere dicir que sexa culpa exclusivamente das persoas que tiran o lixo mal pero que quere dicir que as dúas cousas se complementan polo que pola banda do Concello que estarán pendentes de que efectivamente a empresa lava os contedores pero que aproveitan para pedir que a xente bote o lixo en bolsas pechadas.

A Sra. Monteagudo pide permiso para intervir e di que os contedores de vidro non os lavaron nunca e que os de lixo cre que tampouco.

Que como lle dicía no tema do punto limpo e recollida de grandes residuos que hai que facer un labor pedagóxico e que igual que se poñen os adhesivos cos horarios pois que tamén se pode poñer un adhesivo de que hai que botar as cousas en bolsas pechadas, etc.

Pide intervir o Sr. Quintela e di que o feito de que tiren ou non e o que deben ou non deben tirar, que todos os contedores teñen un adhesivo co tipo de residuos que se pode botar en cada un deles.

Con respecto aos residuos voluminosos, nos mesmos contedores figura o teléfono ao que hai que chamar para depositar os aparellos. E sobre o horario do Punto Limpo que estaba indicado no seu portal pero que ao mellor tamén llo arrancaron.

Con respecto a eses tres ou catro puntos coñecidos, como o do convento, que os residuos de obra non son para tirar neses puntos, nin as latas de aceite. Que o cartón ben se podería depositar no contedor de cartón que hai a vinte metros.

Que por moito que se faga desde o Concello, que limpar os limpan, porque xa se foi mirar, que unha defensa dun coche non é para tirar nos contedores, os restos de poda hai que metelos en bolsas e non poden saturar o servizo e que a xente o sabe porque se fan enquisas e a xente responde e sabe como hai que depositar, pero que despois o abandono leva ás situacións que estamos sufrindo.

Engade tamén que o feito de que o Concello vaia a recoller, supón un sobre custo do servizo que pagamos todos e todas polo mal que fan algúns.

A Sra. alcaldesa engade que no próximo mes os lavados de contedores serán os días 8 e 9 de maio e que estarán pendentes.

Continúa a Sra. alcaldesa dicindo que, con respecto á modificación do imposto de vehículos, que a levarán ao vindeiro Pleno porque esa moción necesita informe de Secretaría e Intervención para que a súa aprobación sexa efectiva e quede xa como modificación do regulamento.

-Con respecto ao bar San Francisco, que sacaron a concesión por un período de seis meses para, durante este tempo, rematar os pregos para unha concesión a máis longo prazo, por dez anos, para o que terá que ir a Pleno.



Á pregunta da voceira popular de se van facer obras, a Sra. alcaldesa di que non van esixirlle á persoa que o colla por seis meses que faga obras.

-En relación ao contrato de *Northmarinas* explica que se trata dunha colaboración, que son varias mariñas do norte de España que fan unha actividade que se chama "*navega el camino*", e que este ano remata en Muros. Que lles contabiliza para o "Camiño de Santiago" e que van en autobús de Muros a Santiago e fan os últimos quilómetros a pé.

Que lles parece unha actividade moi interesante para promocionar o noso concello pola capacidade que teñen de saír en medios de comunicación pola cantidade de xente que participa.

Sinala que os orzamentos están organizados en partidas e que a cousa non é tan simple como que os cartos que se lle dediquen a esta colaboración como un evento, que insiste en que lle parece moi interesante para o Concello, que non teñen nada que ver con outras partidas porque son distintas.

Que se poden mesturar ao igual que antes se mesturaron outras cousa por parte do Partido Socialista.

-Con respecto ás obras do PAS, que están empezadas e cre que só falta unha. Que están adxudicadas e os contratos asinados. Que a obra de Freixeiros é unha das do PAS.

Sobre a obra do POS, que xa comentaron que a empresa renunciou ao contrato e que están co procedemento de resolución dese contrato e logo hai que iniciar un novo proceso de licitación desa obra desde o principio.

- Sobre as clases de informática de Esteiro, polo que queda de curso que non van reanudalas e que quedarán para o próximo curso.

-Que o problema de desratización que efectivamente xa tiveron varias comunicacións de persoas que din que hai ratas enormes. Que o comentou coa técnica de Medio Ambiente e lle din que están vindo todos os meses a desratizar e que falan coa Policía Local, que é a que fai o seguimento cando veñen, para ver o que poden facer e intensificar para que sexa máis efectivo.

Que tamén está a brigada de obras en contacto con algunha persoa do casco para tapar algún burato grande que había polos que din que saen.

-Que sobre o tema da recollida de lixo xa o explicou o concelleiro de Medio Ambiente e que non teñen ningún problema en facer campañas de concienciación da cidadanía pero que se teñen en conta que hai lugares nos que hai un letreiro grande e ben visible no que pon "prohibido tirar lixo" e o tiran igual que non está moi claro que lle fagan caso, pero que por información que non sexa.

-Sobre a situación do edificio e da propiedade da escola de unitaria de Serres que non sabe moi ben. Que non acabou comprobando e que ten información non moi segura. Que o ten pendente de asegurar e que o mirarán.

-Que Espina&Delfín segue prestando o servizo en base a prórroga dun ano ou ata que se saquen os pregos.

-Que por agora non contemplaron a posibilidade de bonificar o recibo do lixo e que nin sequera sabe se é posible.

-Sobre o muro da praia de Somorto, a Sra. alcaldesa preguntalle ao Sr. Quintela se sabe algo del e este di que non.

Rogos e preguntas do PSdeG-PSOE:

Sra. Maneiro:

-Que pasa co antigo campo do Artón en Esteiro que antes era zona verde e agora parece ser que é un aparcamento incontrolado de coches.

- Se sendo a Sra. alcaldesa presidenta da Mancomunidade de lixo, agora mesmo, ten máis información sobre os contedores soterrados.

-Roga que a carroceta vaia a Portocarral sacar o que hai ao lado dos contedores porque alí hai desde defensas de coches, podas, rodas, colchóns e de todo canto hai. Que está pegado a unha marquesiña escolar e estase convertendo nun vertedeiro incontrolado.

- En San Francisco, na zona da parrillada de Antonio, se se poden repintar as raias de aparcamento e zonas amarelas porque sen estar pintadas a xente aparca como quere e para o verán vai haber moitos problemas.

Sra. González:

- Sobre a colaboración de *Northmareas*, que di a Sra. alcaldesa que o custo é de 3.500 € máis IVE pero que tamén pon que o Concello de Muros pagará os autobuses necesarios para levar a xente a Santiago e que tamén pon que se servirá un *buffet* e queren saber cal é o custo da colaboración.

Que di tamén que é unha moi boa propaganda para o noso concello e queren saber en que medios vai saír esa noticia xa que a última vez que viñeron os cazadores cre que saíu nunha revista de Cataluña.

- Que pasou coa denuncia de CCOO en relación ao problema que había cos traballadores e traballadoras.

- Que Henrique con H pasa unha factura de 6.000 € e queren saber de que é.

- Por que a Eventos Insuela S.L., que é unha sociedade limitada de Ribeira que non se ve aquí, se lle asinou un convenio de 1.450 €.

-Con respecto a Espina&Delfín que a Sra. alcaldesa acaba de dicir que lle fixo unha prórroga de un ano e que a este paso se vai cumprir a prórroga de cinco, que queren saber se se fixo algún tipo de reclamación pola débeda que ten Espina&Delfín coa Mancomunidade de Auga.

Que a última vez lles dixeron que estaban facendo outro estudo económico e pregunta se está feito, se se fixo algunha reclamación porque seguramente eses cartos valerían para pagar moitas cousas no Concello, ou se se lle vai a condonar a débeda e por que esa prórroga non se levou ao Pleno polo menos unha mínima información sobre como está o contrato que se prexudicou por culpa da Sra. alcaldesa que non fixo a notificación a tempo como marcaba a lei.

- Que o outro día a Sra. alcaldesa tivo unha reunión cos do GES e pregunta que pasou.

Respostas da Sra. alcaldesa:

- Sobre o aparcamento no Artón que hai moitos anos que están aparcando coches de xeito incontrolado.

Que hai poucos días estiveron alí o persoal da brigada de obras e ela vendo como solucionar ese problema e algún máis que hai nesa zona como madeira estragada, pedras soltas no paseo. Que tamén hai que repoñer *zahorra* na pista.

Que o que lles parece máis efectivo é colocar obstáculos para que os coches non poidan acceder á zona verde.

Que ían empezar estes días a colocar eses obstáculos que son pedras.

-Sobre os contedores soterrados que hai a mesma información e que non ten nada que ver quen teña a Presidencia. Que os problemas que hai para que poidan entrar en funcionamento son os mesmos. E que son os mesmos que xa había cando o Partido Socialista tiña a Alcaldía de Muros.

-Que pasarán a recoller o lixo en Portocarral e que hai máis puntos de vertidos incontrolados de residuos.

Que por estar ao lado da marquesiña do transporte escolar se lle dará prioridade.

-Que se mandará a brigada de obrar pintar as prazas de aparcamento e liñas amarelas.

-En relación á colaboración con *Northmarinas* que efectivamente son 3.500 € máis IVE e que hai autobuses e un *buffet*.

Que autobuses serán un ou dous dependendo das persoas que veñan e como máximo dous. E que non saben exactamente o custo do *buffet*.

Que tampouco saben en que medios vai saír. Que vai depender dos que acudan.

Que o ano pasado os de *Periodipesca* saíron en varios medios diga o que diga a voceira socialista.

- Sobre a denuncia de CCOO que foron a Inspección de Traballo, estiveron coa inspectora e non chegou nada ao Concello dende a inspección.

Que en calquera caso están dando resposta ao que solicitaba CCOO que é o mesmo que solicitaba a través do comité de empresa.

-Sobre a factura de Henrique con H que van mirar exactamente de que proceso era porque é da representación do Concello nalgún xuízo, como todas. Que logo lle din exactamente de que proceso é.

-Sobre Eventos Insuela que non recorda moi ben de que era pero cre que dunha publicidade.

Que non era un convenio senón un contrato dunha publicidade. Que miran exactamente de que era.

- Sobre Espina&Delfín que a voceira socialista xa sabe que hai que botar os cálculos do canon e que para iso se contrata unha empresa que os faga porque as contas que había feitas que non saben como se fixeron xa que non había información económica da empresa.

Que a Sra. González xa o sabe, porque se falou na xunta da Mancomunidade e que eran cálculos moi complexos polo que se acordou que os fixera unha empresa.

Que evidentemente non se lle vai condonar a débeda. Que se lle vai reclamar o que corresponda.

-Sobre as reunións co GES, que tivo varias. Que a da última semana era para falar dos grupos de cotización dos GES. Se pertencen ao grupo III ou IV. Que quedarán no grupo que legalmente lles corresponda.

A preguntas da voceira socialista a Sra. alcaldesa responde que no cadro de persoal publicado no BOP están no grupo III pero cobran a nómina co grupo IV e que é algo menos.

Rogos e preguntas BNG:

-Hai noticias sobre o arranxo do paseo marítimo de Esteiro?

-Pasan os meses e seguimos sen instalar o repetidor de TV en Santa Catalina. Hai vistas de que se remate dunha vez coa instalación?

-Hai resposta de Telefónica Movistar para a dotación de ADSL en Abelleira e Torea?

-Sábese algo da reclamación feita a Costas sobre as obras na Creba? No caso de que non se saiba nada, ten pensado o goberno local tomar algunha iniciativa neste asunto?

-Seguimos sen dar ningún paso respecto do Plan de dinamización do casco histórico. Teñen pensado convocar a mesa sectorial?

-Están cobrado os trienios todo o persoal laboral que ten dereito a eles?

-Por que non se modificou a situación do poste da luz de baixada de Ventín, na Abelleira, ao que o goberno se comprometeu coa AA VV A Ostreira hai máis dun ano?

-Vaise presentar un borrador dos orzamentos para o seu debate?

-Vaise engadir nestes orzamentos unha partida para comezar co arranxo do Cine París?

-Unha vez máis, rogamos que se elabore un Plan de mantemento xeral que atenda de feito eficiente todos os espazos públicos do concello.

-Rogamos que se mellore a sinalización e os horarios nas paradas de bus.

-Rogamos novamente que se dote de Internet a casa de Surribos, xa que están a realizarse cursos e charlas informativas alí e facilitaríala moito eses actos.

-Rogamos que se comecen as obras comprometidas coa directiva da SD Esteirana para a ampliación dos vestiarios femininos e a instalación de dúas torres de focos no campo Xosé Luís Vara, para ter unha iluminación digna.

Contesta a Sra. alcaldesa:

-Sobre o paseo de Esteiro que a última información que ten do xefe de Costas é que está o proxecto en fiscalización en Madrid.

-Sobre a TV de Abelleira que están traballando no proxecto e na consecución dun terreo, que non está sendo nada fácil, porque ten que cumprir coas esixencias de Patrimonio, co poder recoller e repetir o sinal e cumprir cos retranqueos de cinco metros aos lindes.

Que había un terreo que estaban dispostos a vender pero que non sabe se dá as dimensións.

Intervén o Sra. Quintela para dicir que o último terreo que se conseguía non chega.

-En relación ao ADSL o Sr. Uhía di que cando se instale a antena se instalará tamén un amplificador.

-Que seguen sen saber nada das obras da Creba pero que poden requirirlle información por escrito a Costas.

- Sobre os trienios que aínda non os cobra todo o persoal. Que están traballando en Tesourería e Intervención e que van cobrando a medida que van rematando expedientes.

Que aínda non cobran todos e todas pero que van cobrar desde o 1 de xaneiro de 2016.

- Sobre o poste da baixa de Ventín que moitas veces fixeron xestión coa compañía eléctrica e que están pendentes dunha autorización de Costas.

- Que seguen traballan do nos orzamentos a pesar que están sen interventora. Que hai unha interventora accidental pero aínda así, máis lentamente, pero que seguen traballando.

-Que terán en conta o de incluír unha partida para o cine París.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e sete minutos. Dou fe.

O secretario accidental